

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Xosé Luís Regueira Fernández (1997): «Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, pp. 179-194.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ELEMENTOS PARA A DEFINICIÓN DUN MODELO FONÉTICO ESTÁNDAR DA LINGUA GALEGA

XOSÉ LUÍS REGUEIRA

(Universidade de Santiago /
Instituto da Lingua Galega)

1. INTRODUCCIÓN

Como manifestación do proceso de normalización social que se vén desenvolvendo desde os anos setenta, a lingua galega foi adquirindo usos orais de relevancia pública, tanto nos rexistros formais (no ámbito administrativo, científico, xurídico, etc.) coma nos rexistros informais (lingua coloquial ou familiar, fundamentalmente a través dos medios de comunicación ou da expresión teatral). Esta situación é relativamente nova, xa que ata hai poucos anos non existían medios de comunicación falados en galego, nin teatro profesional, nin a lingua de Galicia tiña acollida na escola. O galego falado non chegaba á sociedade desde ningunha instancia que lle conferise prestixio. Eses ámbitos estaban ocupados polo español, que viña funcionando como lingua oral culta de Galicia, mentres que o galego só era utilizado como lingua popular. Mesmo escritores e homes de cultura que estaban a construír, coa súa obra, o estándar escrito, mantiñan usos orais preferentemente en español. A constitución da lingua común (e das variedades cultas) céntrase fundamentalmente no aspecto escrito, de maneira que se produce un desfase entre o desenvolvimento da lingua literaria e da lingua escrita en xeral respecto do desenvolvimento da lingua oral.

No momento en que o galego se incorpora ós ámbitos en que se require unha lingua oral coidada e rica, como son a escola, o teatro, e de maneira fundamental a radio e a televisión, atópase con que carece dalgúns dos modelos que esos medios demandan. En particular, carece dunha variedade oral que poida servir como «lingua exemplar». No tocante ó plano fónico, en moitos casos, esa carencia é cuberta por modelos baseados no español, o que resulta particular-

mente notorio nos medios de comunicación (radio e televisión). Esta situación ten como causa máis inmediata a existencia dun importante número de profesionais de lingua materna castelá que teñen unha competencia oral deficiente en galego e que, ademais, se formaron fóra de Galicia, xa que no noso país non funcionaba, ata hai moi poucos anos, ningunha escola ou facultade de Xornalismo.

Nos últimos anos os lingüistas interesados polo galego centráronse en consolida-la norma escrita e en subsana-las abundantes lagoas que se fan poñendo ó descuberto co acceso da lingua galega ós ámbitos educativo, xurídico-administrativo, científico, etc. A descripción gramatical, a elaboración de diccionarios e vocabularios, a fixación de terminoloxías ou a incorporación de neoloxismos convertéronse en necesidades urxentes e, moitas veces, inaprazables. Pero, como é natural, as variedades cultas do galego non se utilizan únicamente para a comunicación escrita. O certo grao de normalización que foi acadando a lingua fai que as manifestacións orais destas variedades sexan cada vez un pouco máis significativas, en actividades culturais, políticas e, sobre todo, nos medios de comunicación falados.

Nesta situación, faise urxente definir un modelo fonético que se fundamente nas características propias do galego e que sexa apto para cubri-las novas necesidades.

Actualmente no seo do Instituto da Lingua estase a desenvolver un proxecto de investigación sobre «Fonética acústica do galego», que deberá fornecer unha descripción completa do aspecto sonoro desta lingua. Os datos que resulten deste estudio constituirán a base a partir da que se poderán establecer unhas pautas de pronunciación para os diferentes rexistros lingüísticos, sempre dentro do respecto ás características propias do idioma, co obxectivo de contribuír á constitución, tamén no aspecto oral, dunha lingua rica, flexible, digna e auténtica.

Nesta exposición o noso obxectivo, obviamente, é moito máis modesto. En primeiro lugar, distinguimos dous tipos de problemas que é preciso resolver para establecer eses modelos, e que cómpre tratar de maneira diferenciada. En segundo lugar, observaremos algúns aspectos de certos modelos que actualmente están en circulación a través dos medios de comunicación falados, do que se debe derivar unha reflexión sobre a natureza das pautas que, no seu día, se establezan, así coma dos procedementos adecuados para subsana-las deficiencias que hoxe se observan.

2. PROBLEMAS INTERNOS

O primeiro tipo de problemas para o establecemento dun patrón estándar de pronunciación refírese á variación interna de certos aspectos da fonética galega: seseo, gheada, metafonía, variacións de timbre vocálico nalgúns palabras, etc.

Neste punto creo necesario insistir en que a «norma» estándar, no referente á componente fónica e tamén a outros aspectos da lingua, non é fabricada polos lingüistas, senón que é establecida pola sociedade, coas súas valoracións e mesmo cos seus prexuízos, e ás veces a pesar dos lingüistas prescritivistas. Polo tanto, debe terse en conta que en todo caso unha das opcións posibles consiste en inhibirse e deixar que as cousas sigan o seu curso. Non obstante, dado que o galego non tivo un desenvolvemento oral «normal», como xa dixemos, e ante a existencia tamén de problemas debidos á interferencia do español, creo que non está de máis que os lingüistas marquemos algunhas liñas orientativas para a realización fonética das variedades cultas do galego.

2.1. VARIEDADES XEOGRÁFICAS E MODELO COMÚN

A existencia de certas diferencias fonéticas ou fonolóxicas entre as distintas variedades xeográficas (falas) non parece presentar problemas graves, áinda que si require que se tomen algunhas decisións¹.

Sen dúbida os dous fenómenos máis coñecidos da fonética dialectal galega son a *gheada* e o *seseo*. Aínda que ás veces se menciona a existencia de dúas normas alternativas no que respecta á pronuncia con gheada ou sen gheada, con seseo ou sen seseo (Álvarez, Monteagudo & Regueira 1994: 27, 31), de feito todo indica que hai xa unha decisión social tomada con claridade a favor do galego con /g/ e con /θ/, que é o único que aparece nos usos formais, incluso nos daqueles persoas que adoitan utilizar algún destes trazos na conversa informal. É probable que nesta actitude inflúan os prexuízos contra a gheada e mailo seseo, agravados pola escola e pola presión do español, pero iso non invalida a escolla social desta variante lingüística como máis prestixiosa.

Outras variacións presentan maiores dificultades á hora de formular unha escolla. Así, no tocante ás variacións de timbre da vocal tónica /ɛ/ = /e/ e /ɔ/ = /o/, non parece posible adoptar unha decisión única para tódalas formas que varían, facéndose necesario un estudio máis particularizado, xa que diferentes situacións requieren solucións ditintas.

En primeiro lugar, é ben coñecida a variación de timbre na vocal tónica en palabras como *dente* [dẽ̃te] ~ [dẽ̃tel], *tempo* [tẽ̃mpo] ~ [tẽ̃mpo], *ollo* ['ɔlɔ] ~ ['ɔłɔ], *ela* ['ela] ~ ['ela], *daquela* [da'kela] ~ [da'kela], e algunhas más, en que ambas formas están amplamente representadas na xeografía galega e son coñeci-

¹ Esta cuestión é tratada de maneira un pouco máis desenvolvida en Regueira (1994: 53-56).

das por un amplio número de falantes. Nestes casos non parece necesario recomendar unha das formas sobre a outra.

Un número relativamente importante de substantivos masculinos, seguramente por un pechamento da vocal tónica coñecido como «metafonía nominal», aparecen na maior parte do territorio con vocal mediopechada antietimolóxica: *corpo* ['kɔrpo], *morcego* [mɔɾ'θeŋo], *esterco* [eʂ'terkɔ], *porto* ['porto], etc. Esta debe se-la única forma aconsellada Con todo, faise preciso un coñecemento detallado de cales substantivos masculinos están neste grupo ou non (substantivos non afectados pola metafonía, p. ex., *martelo* [mar'telo]), e non faltan os casos de solución difícil.

Por outra parte, existen substantivos e adjetivos con variación da vocal tónica no seu paradigma por efecto da metafonía: *novo / nova* ['nɔβo / 'nɔβa] (fronte ó máis xeral ['nɔβo / 'nɔβa]). Este fenómeno afecta hoxe ó vocabulario de maneira asistemática e minoriataria (cf. ['bελo], ['θεŋo] ou ['sεñø], entre outros, sempre con ['ɛ]), e parece encontrarse en recesión (hai indicios de que polo menos algúns dos paradigmas que foron afectados pola metafonía volveron a igualalo timbre das formas masculinas e femininas). Isto fai máis recomendable a realización con vocal non alterada.

En zonas ou en puntos do galego occidental tamén se rexistran substantivos femininos con vocal medioaberta antietimolóxica, un fenómeno que comunmente se asocia coa metafonía nominal: *mesa* ['mɛsa], *pega* ['peħa], *voda* ['bɔða]. Estas pronuncias chocan coa realización más estendida, con [e], [o].

Tampouco non se recoñecen habitualmente como comúns algúns outros trazos dialectais que afectan á realización das vocais medias, como pode se-la pronuncia ['ɛ], ['ɔ] en áreas do galego oriental (p. e., *ponte* ['pɔ̃tɛ], *fonte* ['fɔ̃tɛ]), ou a realización mediopechada [e] en palabras como *neve* ['neβe], nas falas galegas sudoccidentais.

Evidentemente, todas estas formas son galegas e plenamente lexítimas. Pero nun modelo de lingua exemplar non deben ter todas a mesma consideración. Haberá que adoptar unha das variantes como pronuncia exemplar, aínda que en certos casos poidan existir dobretes.

2.2. ADAPTACIÓN DE CULTISMOS E NEOLOXISMOS

Un problema máis complexo de resolver é o timbre da vocal tónica co que se adaptan os cultismos e os estraneirismos incorporados recentemente. Este tipo de préstamos entra fundamentalmente por vía escrita, e como as grafías *e* e *o* poden representar tanto unha vocal mediopechada coma unha vocal mediao-

bertha, en principio tódalas palabras novas que teñan esas letras na súa representación escrita poderían admitir dúas posibles adaptacións. Pero non acontece así.

Polo que coñecemos da adaptación destas voces, hai indicios bastante fortes de que a vocal tónica non adopta un timbre ou outro de maneira aleatoria. Non obstante, esas regras aínda non son ben coñecidas, polo que sería ousado de máis facer xeneralizacións a partir dos datos de que dispoñemos, pois aínda non existe unha descripción máis ou menos detallada do comportamento deste grupo de palabras. Pero aínda así, observamos que algunas palabras son pronunciadas de maneira xeral con [e], [ɔ] tónicos (*médico*, *lóxico*), mentres que outras son realizadas con [e], [o] (*probeta*, *horizonte*). Así pois, parece que a adaptación da vocal tónica nestes casos está regulada por regras². Agora debemos estudiar de maneira particularizada o comportamento de cada unha destas palabras para poder opinar sobre cal sería a forma máis aconsellable para o galego común.

3. PROBLEMAS EXTERNOS: A CUESTIÓN DA AUTENTICIDADE

Para todos resulta evidente que os problemas máis serios que se presentan para a definición dun modelo fonético para a lingua común non son os que acabamos de mencionar. Hoxe en día as perturbacións que se producen na recepción do galego falado nos medios de comunicación ou noutras esferas do mundo cultural (teatro, por exemplo) son debidas, exclusivamente, ó que se ten chamado «falta de autenticidade» da lingua empregada. Esa falta de autenticidade percíbese, antes ca nada, no aspecto sonoro da lingua. De feito, a reacción de estraneza ante certos modelos fonéticos, percibidos como alleos ó galego «auténtico», prodúcese mesmo ante a lectura ou a interpretación (nos espacios informativos, en actos políticos ou en representacións teatrais) de textos escritos en galego correcto e mesmo coidado.

A nosa capacidade de intervención nese aspecto é, polo momento, limitada. Calquera falante é capaz, de maneira intuitiva, de detectar que unha persoa non fala o galego con propiedade, que «non ten acento galego», pero non sempre resulta doado precisar en qué se desvía da realización que esperabamos oír. A estas alturas aínda carecemos dunha boa descripción fonética da lingua de Galicia, e esta resulta fundamental para poder establecer as pautas de pronuncia necesarias para elaborar ese modelo fonético que deberían seguir, de maneira moi especial, os profesionais da palabra. Xa noutro lugar nos ocupamos de tratar de describir algúns aspectos nos que a lingua utilizada nalgúns espacios radiofónicos non correspondía co comportamento fonético do galego (Regueira 1994).

² Para un esbozo dalgunhas desas regras, véxase Regueira (1994: 56-57).

Proseguindo nesa liña, ímonos centrar agora na lingua empregada na Televisión de Galicia para estudiar algúns aspectos fonéticos (vocalismo e entoación) dun modelo de galego que choca co sentimento lingüístico dos galegofalantes, pero que a pesar diso aparece moi frecuentemente nas emisións. As mostras corresponden a tres presentadoras da TVG, e foron gravadas dun Telexornal emitido a mediodía e dun programa da serie Galicia Enteira, que se programa en horario de máxima audiencia, en dous días deste mes de setembro de 1994. As gravacións magnetofónicas foron analizadas con axuda do CSL Kay Elemetrics 3400 no laboratorio de fonética do Instituto da Lingua Galega. Utilizamos como gravacións de contraste varias realizacións de dúas falantes nativas, que leran varias veces os mesmos textos tras ser postas en situación e de recibir instrucións de como debían interpretalos, buscando que a súas realizacións se aproximasen no posible ás das presentadoras.

Os datos que achegamos aquí non pretenden ser un estudio exhaustivo e rigoroso da fonética nin da entoación en galego nin tampouco da lingua dos medios de comunicación. É unicamente unha cala sobre algúns destes aspectos coa fin de ilustrar cal é a situación actual do galego oral neses ámbitos, para mostrar deste xeito a necesidade de establecer algunas pautas mínimas de pronuncia que eviten que o galego sexa revestido dunha envoltura sonora allea que o desfigura e o adultera.

3.1. AS SETE VOCAI DO GALEGO

A pesar de ser un dos aspectos más notorios da fonética e da fonoloxía do galego, e nos que é máis doados de detectar e de corrixi-las deficiencias que poden producirse, unha parte dos locutores e presentadores dos medios de comunicación ten un dominio tan precario da lingua galega que non consigue reproducirlas sete vocais do galego cun mínimo de credibilidade incluso despois de varios anos traballando nestes medios co galego como lingua exclusiva de emisión.

Un dos erros máis coñecidos é a mala realización das vocais medioabertas, que bastantes veces se oen como mediopechadas. Pero tamén sucede o contrario, e non é infrecuente percibir unha vocal de timbre semellante ó medioaberto cando se espera unha vocal mediopechada. Así, se reparamos na forma imperativa *colle* da Gravación 1 (véxase apéndice)³ realizada pola Presentadora-

³ Na presentación desta comunicación oíronse tanto as gravacións dos locutores coma as dos falantes de contraste. Lamentablemente, ó non poder acompañá-las gravacións, nas *Actas* pérdense unha información moi importante para captar en toda a súa dimensión o problema estudiado.

1 (Pres-1) e polas Falantes 1 e 2 (Fal-1 e Fal-2) percibiremos un claro contraste. Na análise acústica vese que a frecuencia do primeiro formante vocálico (F1) en Pres-1 é excesivamente alta (superponémos los datos da realización de Pres-1, representada cun círculo, e os das dúas Falantes, marcada por aspas, ó triángulo acústico das vocais tónicas galegas en contexto de consoantes bilabiais (cf. González & Regueira 1994: 170).





FIG. 1.—Realización da vocal tónica de *colle* (imperativo)

Obsérvase neste caso que na realización desta vocal tanto o primeiro coma o segundo formantes teñen valores superiores ós que alcanzan entre consoantes bilabiais, pero o relevante é a distancia que separa a realización da presentadora das outras dúas. Isto explica que ó oír de maneira aillada esta forma non estea claro se se trata do imperativo (gal. común ['kɔlə]) ou do presente de indicativo (gal. común ['kɔlə]).



3.2. A ENTOACIÓN

Pero nese mesmo exemplo percibimos ademais que existen algunas outras diferencias entre a pronuncia de Pres-1 e as das Falantes. Se observámola frecuencia fundamental (F0) comprobamos que é semellante nas tres realizacións. A vocal final ten unha duración maior cá vocal tónica, pero nunha das falantes tamén se comporta igual, dado que se encontra ante pausa. Si encontramos diferencia significativa na intensidade, demasiado elevada na vocal final da presentadora, respecto de calquera das realizacións das outras falantes:

FIG. 2.—Intensidade (dB) da vocal tónica e da vocal final de *colle*


Este tipo de comportamento fónico é percibido como unha entoación pouco galega. Como é sabido, o que percibimos como entoación vén determinado fundamentalmente polo F0, a duración e a intensidade dos diferentes segmentos.

Un dos datos mellor coñecidos da entoación galega é que os enunciados interrogativos rematan en ton descendente (Carril 1973). Aínda así non é raro oír exemplos coma o da Gravación 2 (*¿Vostedes se atreverían a montar en parapente?*), que, ademais de conter un erro gramatical grave, remata en ton ascendente. Se observámo-la intensidade total e o F0 da última palabra dese enunciado (*parapente*) na realización da presentadora (Pres-2) e nunha das falantes (Fal-2), veremos que o ton fundamental segue direccións opostas:

FIG. 3.—Intensidade e F0 do segmento *parapente* (Pres-2)FIG. 4.—Intensidade e F0 do segmento *parapente* (Fal-2)

Nestes gráficos constátase que, ademais do F0 incorrecto na realización de Pres-2, a relación existente entre as intensidades máximas das dúas últimas sílabas (tótona e postóttona final) é inversa nas dúas informantes: Pres-2 realiza a vocal final más intensa cá tónica, contrariamente ó proceder da galegofalante.

Pero os problemas de entoación non se limitan ás interrogativas. Outro momento en que é frecuente percibir entoacións estranhas ó galego é nas pausas intermedias, como en incisos ou en enumeracións. Vexamos dous exemplos.

FIG. 5.—Intensidade e F0 de *este vó* (Pres-2)

O primeiro corresponde ó segmento *fixen este vó* (Gravación 3), que na realización de Pres-2 remata en ton ascendente (Figura 5), mentres que nas galegofalantes acaba en ton descendente, áñada que nalgúns casos poida ser realizado cun ton relativamente elevado (Figura 6).




FIG. 6.—Intensidade e F0 de *este vó* (Fal-2)

Outro exemplo dunha entoación bastante frecuente nos espacios informativos é o de proxecto na Gravación 4:




FIG. 7.—Intensidade e F0 en *proxecto* (Pres-3)

A frecuencia fundamental con que é realizada a última vocal é claramente ascendente. Compárese coa realización de Fal-2:






FIG. 8.—Intensidade e F0 de *proxecto* (Fal-2)

Como se ve, o contraste entre a vocal final de Fal-2 e a de Pres-3 non se reduce ó F0, senón que tamén existen grandes diferencias en canto á súa duración e á súa intensidade: a vocal de Fal-2 (Figura 8) é moito más breve e moito menos intensa cá de Pres-3 (Figura 9).


En moitas ocasións non resulta tan evidente o contraste entre unhas realizacións que percibimos como incorrectas, ou polo menos estranhas, e outras que son posibles e admitidas sen ningún problema polos falantes. Así, na Gravación 5 (*Para os peixes*), percibimos que a palabra *peixes*, pronunciada por Pres-2, remata cunha realización inaceptable da última sílaba. Se comparámo-lo spectrograma desta realización co obtido das galegofalantes, e mesmo con realizacións doutrous profesionais da mesma TVG que teñen unha boa pronuncia galega, vemos que a vocal final non está tan debilitada ou exordecida como é habitual en galego (Figura 9). Podemos observa-lo contraste existente entre os spectrogramas correspondentes á realización da presentadora (ventá superior), á dunha realización nun contexto semellante de Paco Feixón (tomado do programa *A cociñar con Paco Feixón* na mesma semana, na ventá central) e de Fal-1 (ventá inferior):

FIG. 9.—Espectrogramas da secuencia *peixes* en Pres-2, en Feixóo e en Fal-1

Como se ve, no tocante á vocal final as realizacións de Feixóo, posuidor dunha excelente pronuncia galega, e de Fal-1 son moi semellantes, e afástanse do exemplo de Pres-2. Pero aínda que o enxordecemento é moi frecuentemente nestas vocais finais, nada impide que consideremos perfectamente válidas outras secuencias coma estoutra tamén realizada por Fal-1, que se mostra na ventá B do seguinte espectrograma (compárese co da presentadora, que repetimos na ventá C):

FIG. 10.—Espectrogramas da secuencia *peixes* en Fal-1(b) e en Pres-2

Non encontramos diferencias significativas en canto á duración nin á intensidades da vocal final. A frecuencia fundamental é descendente, como é de esperar. Pero observemos con máis detemento este parámetro e comparémolo co de Fal-1 (Figura 11):

FIG. 11.—Esquema de F0 de *peixe* en Pres-2 e en Fal-1(b)

Nesta representación contrastiva da frecuencia fundamental, observamos que existe unha diferenza apreciable en canto a que o [e] final empeza a unha altura excesiva na realización de Pres-2, de maneira que o ton medio dese segmento final, con relación ó da vocal tónica, é máis elevado no exemplo da presentadora ca na realización da falante que utilizamos como contraste.

Estes exemplos son unha simple mostra da complexidade dos problemas a tratar e ilustran a necesidade de contarmos primeiro cunha descripción detallada das posibilidades expresivas do galego no aspecto fónico. Só a partir desas bases sólidas se poderán establecer pautas de pronuncia que traten de subsanar estas deficiencias.

4. CONCLUSIÓNS

Gracias ós avances producidos na normalización social da lingua, hoxe existen por fin estrados desde os que se lanzan mensaxes en galego para toda a sociedade da nosa nación. Nese punto empeza a elaborarse, mal que ben, dirixida ou espontaneamente, un modelo de lingua oral que será o preferido para determinadas funcións propias da lingua culta. Pero observamos que, en boa parte, ese

galego que se emite está gravemente interferido polo español non só en aspectos que se poden subsanar con relativa facilidade (léxico, aspectos gramaticais), senón tamén noutros que, polo seu carácter, son más difíciles de corrixir, xa que en moitas ocasións os propios usuarios non son conscientes das súas deficiencias ou ben non lles atribúen a suficiente importancia como para preocuparse por superalas (entoación, por exemplo).

Postas así as cousas, faise urgente establecer unhas pautas mínimas de pronuncia, en primeiro lugar para aplicar nos medios de comunicación oral pola súa incidencia social, así como tamén para o ensino da lingua a non galegofalantes, en espectáculos que utilizan a palabra (teatro), no discurso público, etc. Se todos estamos de acordo en que é importante preserva-la pureza léxica ou grammatical da lingua, con tanta ou más razón debemos atender a que os modelos urbanos e cultos se constrúan sobre as bases fonéticas do galego. Precisamente un dos aspectos que nos parecen más preocupantes da situación actual é que non parece haber conciencia da necesidade de coida-la lingua oral nin se ven mostras de que se tenda a unha maior corrección. Os anos pasan e a lingua que se recibe dos medios ou que se usa no discurso público segue a te-las mesmas deficiencias fónicas.

Por detrás está ademais un vello problema: para unha parte importante da sociedade, a pronuncia e a entoación galegas seguen a ser consideradas vulgares, de aí que sexa mellor recibido un galego que «soa más fino», é dicir, que se pronuncia con fonética española. Iso constitúe unha ameaza seria para a integridade do idioma. Precisamente nesta situación os medios de comunicación falados deberían desempeñar un papel de primeira orde na difusión e na dignificación dun modelo oral de galego culto que manteña a súa identidade.

Estamos convencidos de que resulta inevitable un certo afastamento dessa variedade culta do galego respecto da lingua oral popular. Pero non debe derivar nun modelo lingüístico desnaturalizado que non respete os elementos que definen o galego como lingua diferenciada. Xa dentro deses elementos, será a sociedade, co seu uso, a que determine a configuración fonética das variedades cultas do galego. Pero sempre coas miras postas en elaborar unha lingua de cultura digna e asemade auténtica.

REFERENCIAS

- Álvarez, Rosario; Monteagudo, Henrique & Regueira, Xosé Luís (1994) [1986]: *Gramática galega*, 5.^a ed., Galaxia, Vigo.
- Carril, Ramón B. (1973): «Notas de entonación gallega», *Revista de Filología Española*, 56, 95-101.
- González González, Manuel & Regueira Fernández, Xosé L. (1994) [1989]: «Estudio acústico das vocais tónicas galegas en posición fonética normal», en Lorenzo Vázquez, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Santiago, 1989), vol. 6, pp. 141-179, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- Regueira, Xosé L. (1994): «Modelos fonéticos e autenticidade lingüística», *Cadernos de Lingua*, 10, 37-60.

APÉNDICE

Gravación 1 (Pres 1):

E por favor a dona da bicicleta que me colla a bicicleta esta que teño eu aquí, porque seguramente fará unhas marabillas moito mellores das que fago eu. ¡Por favor, que xa non sei que facer con ela!

¡Ola! ¿Que tal? Colle. ¿Como te chamas ti?

Gravación 2 (Pres-2):

Vamos a ver. ¿Vostedes se atreverían a montar en parapente? ¡hm?

Gravación 3 (Pres-2):

Pero resulta que eu fixen este vó, e quedei enganchadísima, e agora quero facer o curso e quero voar eu por min mesma, ¿e que é o que teño que facer?

Gravación 4 (Pres-3):

As numerosas alegacións ó proxecto, a negativa dos veciños e de distintos colectivos e mailos informes técnicos desaconsellando as obras, condicionaron un

pleno extraordinario que acordou solicitar un novo proxecto para construír, na zona, un paseo marítimo.

Gravación 5 (Pres-2):

Pero miren, a min esto da auga, ¿que queren que lles diga? Para os *peixes*.